

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol e fa en 4ª, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluírá as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno/a se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarase co piano durante a realización.
3. Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso de 1º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol e fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE ACORDEÓN

Consistirá na interpretación de 2 obras que teñan os contidos finais do anterior curso, e dicir, de 1ºG. E., e dunha lectura a vista.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10; esta puntuación fará media (co valor dun 60%) coa nota acadada na proba de Linguaxe Musical (cun 40%), facéndose dita ponderación se ambas notas son superiores a 5.

LISTADO DE OBRAS ORIENTATIVO

Akordeonek (1-3), Varios, Editorial Supraphon

Allerlei (2,6,8,11), T. Lundquist, Editorial Hohner

Microscope, T. Lundquist, Editorial Trio-Förlaget

Preparatory Studies for beginners, Eddie Harris, Editorial Waterloo

Von fernen Küsten, Jenő Takács, Editorial Universal Editio

Zwanzig Spielstücke, Hugo Noth, Editorial Musikverlag

Nen Zweistimmige Inventionen, T. Lundquist, Editorial Hohner

35 Miniaturen, W. Bloch, Editorial Hohner

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Manter a posición correcta do corpo que permita unha boa colocación do instrumento.
- Coordinar e sincronizar correctamente os distintos elementos que forman parte da interpretación: dedos, mans, antebrazos, fol,...
- Coñecer o funcionamento básico dos elementos do instrumento elixido polo alumno/a e que interveñen directamente no resultado sonoro: M I e M III , válvula do ar, rexistros e o fol.
- Interpretar correctamente un repertorio con distintas texturas: unísono (M I/ M III), liñas melódicas independentes, melodía e acompañamento.

CRITERIOS DE PONDERACIÓN

Cada unha das obras que o aspirante interpretará será ponderada seguindo o cadro que aparece a continuación:

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

Nome do Alumno/a:			Acceso a:					
FIDELIDADE A PARTITURA, FLUIDEZ E PRECISIÓN RÍTMICA			ESTILO, EXPRESIÓN E FRASEO			SON E TÉCNICA		
4 PUNTOS			3 PUNTOS			3 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Moi ben Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as indicacións da partitura. Toca de memoria.</p>			<p>Moi ben. Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, están moi ben realizadas e son independentes entre as mans,</p>			<p>Moi ben. Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o fol e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.</p>		
3.5 PUNTOS			2.75 PUNTOS			2.75 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Ben. Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as indicacións da partitura.</p>			<p>Ben. Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados.</p>			<p>Ben. Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o fol e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.</p>		
3.25 PUNTOS			2.75 PUNTOS			2.75 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Ben. Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as indicacións da partitura.</p>			<p>Ben. Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados.</p>			<p>Ben. Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o fol e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.</p>		
2.75 PUNTOS			2 PUNTOS			2 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente indicacións da partitura.</p>			<p>Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a independencia entre as mans son suficientes.</p>			<p>Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o fol. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.</p>		
2.75 PUNTOS			2 PUNTOS			2 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente indicacións da partitura.</p>			<p>Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a independencia entre as mans son suficientes.</p>			<p>Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o fol. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.</p>		
1.5 PUNTOS			1 PUNTO			1 PUNTO		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Insuficiente. Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as indicacións da partitura.</p>			<p>Insuficiente. A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, articulacións, as dinámicas, acentos e a súa independencia son insuficientes.</p>			<p>Insuficiente. Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o fol. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo claridade e igualdade notas. Mantén posición inadecuada do corpo e das mans.</p>		
1 PUNTO			0.5 PUNTOS			0.5 PUNTOS		
Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3	Obra 1	Obra 2	Obra 3
<p>Insuficiente. Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as indicacións da partitura.</p>			<p>Insuficiente. A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, articulacións, as dinámicas, acentos e a súa independencia son insuficientes.</p>			<p>Insuficiente. Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o fol. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo claridade e igualdade notas. Mantén posición inadecuada do corpo e das mans.</p>		

A nota final será o resultado da media obtida das valoracións das pezas interpretadas.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.